*Y por último le pusimos sentido a la modificación puntual de la Solana que ustedes conocen muy bien. ¿Sabe de qué le hablo? ¿Sabe el famoso plano que discutimos en este gobierno? ¿Sabe de su cambiazo, cuando puso que ese suelo tenía que ser privado en vez de público en la aprobación definitiva del plan abriendo la puerta su privatización? Pues eso también lo arrancamos nosotros, este Gobierno, señor Fernández Prado. Entonces cómo hacen habitualmente usted puede contar todas las mentiras que quiera, todas las mentiras que quiera, pero serán mentiras porque esto es lo que hizo este Gobierno.*

*Ya voy terminando y me reservo para el final en que enumeraré alguna más de sus chapuzas, señor Fernández Prado.*

**Presidencia**

Muchas gracias, señor Varela. Señor Dapena.

### **Señor Dapena Varela**

*Grazas, señor alcalde. Como non nos gusta facer leña da árbore caída, e bastante ten co que ten o señor Varela, non iamos abordar este punto, pero xa que se incidiu no ocorrido na Comisión Informativa de Rexeneración Urbana, previa a este Pleno, na que se pretendeu por vostede levar fóra da orde do día o asunto referente ao catálogo de edificios protexidos, pois abordámolo.*

*E lembrarase que, por acordo deste Pleno do 12 de decembro do 2016, resolveuse suspender o procedemento de outorgamento de licenzas precisamente para abordar a confección dese catálogo. Nese Pleno, 12 de decembro de 2016, desde este Grupo a miña compañeira Yoya Neira díxolle: queremos pedirlle que todas estas cuestións que coñecemos polos medios de prensa sexan previamente informadas polo concelleiro ou polos responsables de urbanismo dentro da Comisión. 12 de decembro de 2016. E a compañeira do BNG, Avia Veira, dicíalles: pedímoslle desde o BNG que manteña informada á Comisión dos pasos que se vaian dando de aquí en adiante. Sobre todo porque isto vai ter que volver a Pleno e eu creo que é necesaria esta información, ese consenso na Comisión de Urbanismo. E nese Pleno, e iso está reflectido na acta, tamén se aludía na acta, quedaba reflectida e reprochábaselle esa actuación unilateral, sen negociación algunha, traer documentos cerrados, porque se converteu nunha rutina deste Goberno esta forma atropelada e sencopada de actuar, á esculca do gran de millo, sen orde nin concerto.*

*Como pretende o señor Varela que*

*Muchas gracias, señor Varela. Señor Dapena.*

### **Señor Dapena Varela**

Gracias, señor alcalde. Como no nos gusta hacer leña del árbol caído, y bastante tiene con lo que tiene el señor Varela, no íbamos a abordar este punto, pero ya que se ha incidido en lo ocurrido en la Comisión Informativa de Regeneración Urbana, previa a este Pleno, en la que se pretendió por usted llevar fuera del orden del día el asunto referente al catálogo de edificios protegidos, pues lo abordamos.

Y se recordará que, por acuerdo de este Pleno del 12 de diciembre del 2016, se resolvió suspender el procedimiento de otorgamiento de licencias precisamente para abordar la confección de ese catálogo. En ese Pleno, 12 de diciembre de 2016, desde este Grupo mi compañera Yoya Neira les dijo: queremos pedirle que todas estas cuestiones que conocemos por los medios de prensa sean previamente informadas por el concejal o por los responsables de urbanismo dentro de la Comisión. 12 de diciembre de 2016. Y la compañera del BNG, Avia Veira, les decía: *pedímoslle desde o BNG que manteña informada á Comisión dos pasos que se vaian dando de aquí en adiante. Sobre todo porque isto vai ter que volver a Pleno e eu creo que é necesaria esta información, ese consenso na Comisión de Urbanismo.* Y en ese Pleno, eso está reflejado en el acta, también se aludía en el acta, quedaba reflejada y se le reprochaba esa actuación unilateral, sin negociación alguna, traer documentos cerrados, porque se ha convertido en una rutina de este Gobierno esta forma atropellada y sincopada de actuar, a salto de mata, sin orden ni concierto.

*¿Cómo pretende el señor Varela que*

*acollamos a cegas un documento que nos presenta fóra da orde do día e sen apenas marxe horaria de análise? Como imos confiar na fiabilidade técnica de vostede, cando nos dixo que un local de negocio é igual que unha vivenda; que 47 metros cadrados son igual a 50; que un patio de luces é igual que unha vía pública. E este Pleno por maioría absoluta pediu a súa dimisión. Iso é o que entende este Pleno que é a súa capacidade.*

*E vostede mesmo contradise porque alude á complexidade do tema e do documento para xustificar o inxustificable, e ao mesmo tempo pretende soslaiar esa complexidade para imponer á oposición a análise apresurada e irreflexiva dun documento que tantísimo tempo e traballo di vostede que lles custou, ao parecer, elaborar.*

*Porque resulta inxustificable que pasasen 8 meses desde que finalizou o prazo de suspensión de outorgamento de licenzas e estemos así, 8 meses, con prisas e urxencias. Xa di o refraneiro: vísteme amodo que teño presa. Pois despaciño, señor Varela, porque, en que quedamos? é complejo ou non é complejo o tema? Se non é complejo, por que se demoraron tantísimos meses en confeccionar o catálogo? E se é complejo, por que non imos ter os Grupos da oposición marxe de análise, estudio e reflexión dun documento que nos pretende traer pechado, a pesar de avisar o 12 de decembro do 2016 que contase connosco no período intermedio de elaboración? E nunca en todo este tempo tivemos noticias deste tema.*

### **Presidencia**

Vaia rematando, señor Dapena, por favor.

acojamos a ciegas un documento que nos presenta fuera del orden del día y sin apenas margen horario de análisis? Cómo vamos a confiar en la fiabilidad técnica de usted, cuando nos ha dicho que un local de negocio es igual que una vivienda; que 47 metros cuadrados son igual a 50; que un patio de luces es igual que una vía pública. Y este Pleno por mayoría absoluta ha pedido su dimisión. Eso es lo que entiende este Pleno que es su capacidad.

Y usted mismo se contradice porque alude a la complejidad del tema y del documento para justificar lo injustificable, y al mismo tiempo pretende soslayar esa complejidad para imponer a la oposición el análisis apresurado y irreflexivo de un documento que tantísimo tiempo y trabajo dice usted que les costó, al parecer, elaborar.

Porque resulta injustificable que hayan pasado 8 meses desde que finalizó el plazo de suspensión de otorgamiento de licencias y estemos así, 8 meses, con prisas y urgencias. Ya dice el refranero: vísteme despacio que tengo prisa. Pues despacito, señor Varela, porque ¿en qué quedamos? ¿es complejo o no es complejo el tema? Si no es complejo ¿por qué se demoraron tantísimos meses en confeccionar el catálogo? Y si es complejo ¿por qué no vamos a tener los Grupos de la oposición margen de análisis, estudio y reflexión de un documento que nos pretende traer cerrado, a pesar de haber avisado el 12 de diciembre del 2016 que contara con nosotros en el período intermedio de elaboración? Y nunca en todo este tiempo hemos tenido noticias de este tema.

### **Presidencia**

Vaya terminando, señor Dapena, por favor.

**Señor Dapena Varela**

*O que nos tememos é que pretendeu con este tema desviar a atención da chapuza da compra dos pisos a un colega seu de Marea e ao final púxose en evidencia e acreditou unha vez máis a súa negligente forma de xestionar a Concellería, deixando vencer prazos, como este da suspensión do outorgamento de licenzas en máis de 8 meses. Aí é nada. Reflexione e por dignidade democrática dimita, porque poñer o ventilador cara ao pasado para non responder o presente indica que o seu futuro veo moi negro.*

*Moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Dapena.

Señor Fernández Prado.

**Señor Fernández Prado**

*Si. Grazas de novo.*

*Non, por comentarolle... O que si quero agradecerlle esta vez é que é a primeira vez en tres anos e medio que me fala dos temas na primeira percepción para que eu poida contestarlle. Agradézollo porque sempre os deixaba para cando non podía contestarlle. Eu teño... Falamos do tema que queira cando queira. Grazas por darme a oportunidade esta vez.*

*Mire, o tema das vivendas: vendiamos dúas para comprar catro. Léase o prego porque era con permuto e porque esas dúas vivendas non se podían alugar porque eran as rendas que saían segundo a lexislación, e o seu valor de vivenda era moi alto para as familias necesitadas. E vendiamos dúas para*

**Señor Dapena Varela**

Lo que nos tememos es que ha pretendido con este tema desviar la atención de la chapuza de la compra de los pisos a un colega suyo de Marea y al final se ha puesto en evidencia y ha acreditado una vez más su negligente forma de gestionar la Concejalía, dejando vencer plazos, como este de la supresión del otorgamiento de licencias en más de 8 meses. Ahí es nada. Reflexione y por dignidad democrática dimita, porque poner el ventilador hacia el pasado, para no responder el presente, indica que su futuro lo ve muy negro.

Muchas gracias.

**Presidencia**

Muchas gracias, señor Dapena.

Señor Fernández Prado.

**Señor Fernández Prado**

Sí. Gracias de nuevo,

No, por comentarle... Lo que sí quiero agradecerle esta vez es que es la primera vez en tres años y medio que me habla de los temas en la primera percepción para que yo pueda contestarle. Se lo agradezco porque siempre los dejaba para cuando no podía contestarle. Yo tengo... Hablamos del tema qué quiera cuándo quiera. Gracias por darme la oportunidad esta vez.

Mire, el tema de las viviendas: vendíamos dos para comprar cuatro. Léase el pliego porque era con permuto y porque esas dos viviendas non se podían alquilar porque eran las rentas que salían según la legislación y su valor de vivienda era muy alto para las familias necesitadas. Y vendíamos dos para comprar cuatro. Léase

*comprar catro. Léase o prego, déixese xa de cousas... Non somos aquí...*

*O que sabe de vender vivendas son os de Marea, Ramón Espinar e vostedes de vender locais. Os demais vendíamos para comprar catro. De temas de vivenda dígolle: non quedaban 10 vivendas, quedaban 7 porque a mí esixíanme paquetes de 10 porque se non era fraccionamento de contrato. E arranxabamos de 10 en 10. Pregunte e xa está, e pódoo ver porque ademais debe haber áinda informes nese expediente e informando nese sentido.*

*Modificacións puntuais. Tamén me alegro que comente. As tres que din que fixeron empezámolas nós. Si, si, Toubes, a fábrica de armas e Calvo Sotelo. E non só iso. Di: a única que fala é a da Solana. Pero mire, xa lle adiantei noutro Pleno, a da Solana téñena aí parada e cando lle chegue o informe vai ter que coller un rotulador vermello e cambialo porque eu non o cambiei por gusto senón por informe da Dirección Xeral de Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio, a través dun informe de Portos do Estado. Entón non foi porque eu quixen poñer un vermello e poñer por detrás. Hai unha acta que ten vostede no expediente e pode lela, senón pregúntelle que é o mesmo xefe de sección que ten el mesmo. Hai unha acta da reunión na que se exixe iso. Pídalla e léao. Pero é más fácil vir aquí e seguir falando de rotulador vermello. Vaille facer falta a vostede, xa llo adiantei, e vaille a seguir volvendo facer falta. E mire, acábanlllo de dicir claramente do catálogo. Pero mire, é que nos podemos fiar moi pouquín de vostede e o documento que nos mandou é moi complexo. E non se cambian as cousas... Facendo as cousas con ese criterio non me estraña que logo teña problemas á hora de tramitar expedientes de vivendas. Non se pode vir aquí ás 14:30*

el pliego, déjese ya de cosas... No somos aquí...

El que sabe de vender viviendas son los de Marea, Ramón Espinar y ustedes de vender locales. Los demás vendíamos para comprar cuatro. De temas de vivienda le digo: no quedaban 10 viviendas, quedaban 7 porque a mí me exigían paquetes de 10 porque si no era fraccionamiento de contrato. Y arreglábamos de 10 en 10. Pregunte y ya está, y lo puede ver porque además debe haber todavía informes en ese expediente y informando en ese sentido.

Modificaciones puntuales. También me alegro que comente. Las tres que dicen que han hecho las empezamos nosotros. Si, si, Toubes, la fábrica de armas y Calvo Sotelo. Y no solo eso. Dice: la única que habla es la de la Solana. Pero mire, ya le adelanté en otro Pleno, la de la Solana la tienen ahí parada y cuando le llegue el informe va a tener que coger un rotulador rojo y cambiarlo porque yo no lo cambié por gusto sino por informe de la Dirección General de Secretaría General de Ordenación del Territorio, a través de un informe de Puertos del Estado. Entonces no fue porque yo quise poner un rojo y poner por detrás. Hay un acta que tiene usted en el expediente y puede leerla, sino pregúntele que es el mismo jefe de sección que tiene él mismo. Hay un acta de la reunión en la que se exige eso. Pídasela y léalo. Pero es más fácil venir aquí y seguir hablando de rotulador rojo. Le va a hacer falta a usted, ya se lo adelanté, y le va a seguir volviendo a hacer falta. Y mire, se lo acaban de decir claramente del catálogo. Pero mire, es que nos podemos fiar muy poquito de usted y el documento que nos mandó es muy complejo. Y no se cambian las cosas... Haciendo las cosas con ese criterio no me extraña que luego tenga problemas a la hora de tramitar expedientes de viviendas. No se puede venir aquí a las 14:30 y decir deme el

*e dicir deme o visto e prace e logo chega o Pleno e voten vostedes que non e retráctense, que foi o que nos dixo, e retráctense co non, e eu xa quedo tranquilo porque foron vostedes os que dixeron que non. Isto está... hai testemuñas de que nolo dixo e non adoitamos poñernos de acordo en moitas cousas os Grupos da oposición. En calquera caso, dígolle neste tema...*

### **Presidencia**

Vai rematando, señor Fernández Prado, por favor.

### **Señor Fernández Prado**

Remato xa.

*Neste tema xa lle digo que votaremos a favor e eu encantado de falar con vostede dos expedientes que queira con total normalidade e imos alí, collemos o expediente e vemos os papeis.*

*Nada más e moitas grazas.*

### **Señor Varela Gómez**

Está mentindo...

### **Presidencia**

Espere un momentiño aínda non lle din a palabra, señor Varela.

Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Agora si, señor Varela.

### **Señor Varela Gómez**

Está mentindo. Eu pedín información estes días, loxicamente, porque sabía que entraríamos neste debate e a aprobación inicial do Pavillón de Catro Camiños é do 16. É máis, é que hai que ter papo para decir que arrancaron a modificacián

visto bueno y luego llega el Pleno y voten ustedes que no y retráctense, que fue lo que nos dijo, y retráctense con el no, y yo ya me quedo tranquilo porque fueron ustedes los que dijeron que no. Esto está... hay testigos de que nos lo dijo y no solemos ponernos de acuerdo en muchas cosas los Grupos de la oposición. En cualquier caso, le digo en este tema...

### **Presidencia**

*Vaya terminando, señor Fernández Prado, por favor.*

### **Señor Fernández Prado**

*Termino ya.*

En este tema ya le digo que votaremos a favor y yo encantado de hablar con usted de los expedientes que quiera con total normalidad y vamos allí, cogemos el expediente y vemos los papeles.

Nada más y muchas gracias.

### **Señor Varela Gómez**

*Está mintiendo...*

### **Presidencia**

*Espere un momentito aun no le di la palabra, señor Varela.*

*Muchas gracias, señor Fernández Prado.*

*Ahora sí, señor Varela.*

### **Señor Varela Gómez**

*Está mintiendo. Yo pedí información estos días, lógicamente, porque sabía que entraríamos en este debate y la aprobación inicial del Pabellón de Cuatro Caminos es del 16. Es más, es que hay que tener papo para decir que arrancaron*

do José Toubes, cando lles acabo de dicir que aprobaron un proxecto que non se adaptaba ao planeamento. Que me estaba dicindo que arrancaron a modificación a sabendas de que o proxecto non se adecúa ao planeamento? Ou sexa o tema ten tela.

Pero bueno, á parte diso é mentira, é mentira. A aprobación inicial e... bueno, miraremos as actas, pero bueno, é do 2016. Bueno, o catálogo, señor Dapena, presenteille persoalmente aos 3 telefónicamente e lles expliquei o problema que había. Efectivamente, bueno, no puido ser nesa Comisión, non pasa nada, o levaremos ao seguinte Pleno a ver como vai a cousa. Pero eu llo presentei telefónicamente. Non esperaba, efectivamente, que fixeran causa desta cuestión, pero bueno... Vamos a seguir si, home si. Non os chamei o día anterior? Iso tamén é mentira? Bueno, efectivamente... E lles expliquei o problema que había, pero bueno. Efectivamente non é que despois no Pleno din que non se fala, que non... Eu intento por todos os medios, señores e señoras da oposición... falar con vostedes é complicado, e moi complicado poñerse de acordo. E non é por falta de gañas nosas.

Bueno, falando de chapuzas, señor Fernández Prado, xa falei do José Toubes pero tamén podemos falar do túnel da Mariña. Un proxecto que se aprobou, que se aprueba... Si, si un proxecto, unhas obras aprobadas sen licencia municipal; ou a licencia de rehabilitación das Casas de Paredes, porque para esa tamén hai unha sanción, para esa hai unha sanción específica de Patrimonio, unha sanción. Un proxecto aprobado por...

## **Presidencia**

Silencio por favor.

*la modificación del José Toubes, cuando les acabo de decir que aprobaron un proyecto que no se adaptaba al planeamiento ¿Qué me estaba diciendo que arrancaron la modificación a sabiendas de que el proyecto no se adecúa al planeamiento? O sea el tema tiene tela.*

*Pero bueno, aparte de eso es mentira, es mentira. La aprobación inicial y... bueno, miraremos las actas, pero bueno, es del 2016. Bueno, el catálogo, señor Dapena, se lo presenté personalmente a los 3 telefónicamente y les expliqué el problema que había. Efectivamente, bueno, no pudo ser en esa Comisión, no pasa nada, lo llevaremos al siguiente Pleno a ver cómo ve la cosa. Pero yo se lo presenté telefónicamente. No esperaba, efectivamente, que hicieran causa de esta cuestión, pero bueno... Vamos a seguir sí, hombre sí ¿No los llamé el día anterior? ¿Eso también es mentira? Bueno, efectivamente... Y les expliqué el problema que había, pero bueno. Efectivamente no es que después en el Pleno dicen que no se habla, que no... Yo intento por todos los medios, señores y señoras de la oposición... hablar con ustedes es complicado, y muy complicado ponerse de acuerdo. Y no es por falta de ganas nuestras.*

*Bueno, hablando de chapuzas, señor Fernández Prado, ya hablé del José Toubes pero también podemos hablar del túnel de la Marina. Un proyecto que se aprobó, que se aprueba... Sí, sí un proyecto, unas obras aprobadas sin licencia municipal; o la licencia de rehabilitación de las Casas de Paredes, porque para esa también hay una sanción, para esa hay una sanción específica de Patrimonio, una sanción. Un proyecto aprobado por ...*

## **Presidencia**

*Silencio por favor.*

**Señor Varela Gómez**

E xa vou rematando. Bueno hai moitas mencións, efectivamente ao anterior Pleno e ao tema dos pisos.

Eu creo que a miña xestión hai que facela, a xestión da miña área, hai que facela dunha maneira global. Estes días na prensa, e iso non foi unha manobra de distracción, señor Dapena, na prensa saía que estamos tentando buscar a mellor solución posible para este Concello no conflito do conde de Fenosa. Sabe do que lle falo, señor Dapena? Iso que lle parece tamén, que é recordar o pasado? Efectivamente é duro, é duro levar esa mochila encima.

Esta fin de semana o voceiro do seu Grupo lle quitaba, lle quitaba ferro á cuestión na radio. Eu lle escoitei dicir: como que iso non era nada? Como que non era nada? Iso é unha... Unha sentencia xudicial dixo que esa licencia era ilegal. E sabe o que fixo o Concello? non inscribir esa sentencia no rexistro ata o 2006 por sentencia xudicial tamén. Iso si que é grave, iso si que é escapar da xustiza. Que fixemos nós cando descubrimos un erro? Ir ao Consello Consultivo. Que fixeron vostedes señoras e señores do PSOE? Pois claro que si, a iniciativa foi municipal. Que fixeron vostedes? Escabullirse ata 2006 que a sentenza lles obriga a inscribir a sentenza no Rexistro da Propiedade. Bueno, efectivamente cando remate este mandato, haberá que ver...

**Presidencia**

Vaia rematando, señor Varela, por favor.

**Señor Varela Gómez**

Pois efectivamente cando remate este

**Señor Varela Gómez**

*Y ya voy finalizando. Bueno hay muchas menciones, efectivamente al anterior Pleno y al tema de los pisos.*

*Yo creo que mi gestión hay que hacerla, la gestión de mi Área, hay que hacerla de una manera global. Estos días en la prensa, y eso no fue una maniobra de distracción, señor Dapena, en la prensa salía que estamos intentando buscar la mejor solución posible para este Ayuntamiento en el conflicto del conde de Fenosa ¿Sabe de lo que le hablo, señor Dapena? ¿Eso qué le parece también, que es recordar el pasado? Efectivamente es duro, es duro llevar esa mochila encima.*

*Este fin de semana el portavoz de su Grupo le quitaba, le quitaba hierro a la cuestión en la radio. Yo le escuché decir: ¿cómo que eso no era nada? ¿Cómo que no era nada? Eso es una... Una sentencia judicial dijo que esa licencia era ilegal. Y ¿sabe lo que hizo el Ayuntamiento? no inscribir esa sentencia en el registro hasta el 2006 por sentencia judicial también. Eso sí que es grave, eso sí que es escapar de la justicia ¿Qué hicimos nosotros cuando descubrimos un error? Ir al Consello Consultivo ¿Qué hicieron ustedes señoras y señores del PSOE? Pues claro que sí, la iniciativa fue municipal ¿Qué hicieron ustedes? Escabullirse hasta 2006 que la sentencia les obliga a inscribir la sentencia en el Registro de la Propiedad. Bueno, efectivamente cuando finalice este mandato, habrá que ver...*

**Presidencia**

*Vaya finalizando, señor Varela, por favor.*

**Señor Varela Gómez**

*Pues efectivamente cuando finalice este*

mandato... Si xa remato alcalde...

**INCIDENCIA:** unha muller que está entre o público increpa ao concelleiro de Marea Atlántica, Xiao Varela (concelleiro de Rexeneración Urbana) e chámalle mentireiro. O concelleiro tenta poñer orde, pero o alcalde, dille: un momento señor Varela a orde a gardo eu.

### Señor Varela Gómez

Oia, un respecto señora...

### Presidencia

Señor Varela, a orde a gardo eu .

**INCIDENCIA:** a mesma señora continúa falando e as súas palabras son pouco comprensibles.

### Señor Varela Gómez

Si. Home si.

**INCIDENCIA:** a señora que está entre o público continúa falando e do que di solo escoitase claramente as palabras “sen vergoñas”

### Presidencia

Por favor abandonen o salón de Plenos.

**INCIDENCIA:** o público abandona o salón de sesións ao tempo que din: fóra, fóra...

### Presidencia

A verdade, xa poden estar contentos co clima que están creando nesta cidade.

Rematou xa señor Varela?

### Señor Varela Gómez

mandato... Sí ya finalizo alcalde...

***INCIDENCIA:** una mujer que está entre el público increpa al concejal de Marea Atlántica, Xiao Varela (concejal de Regeneración Urbana) y le llama mentiroso. El concejal intenta poner orden, pero el alcalde, le dice: un momento señor Varela el orden lo guardo yo.*

### Señor Varela Gómez

*Oiga, un respeto señora...*

### Presidencia

*Señor Varela, el orden lo guardo yo .*

***INCIDENCIA:** la misma señora continúa hablando y sus palabras son poco comprensibles.*

### Señor Varela Gómez

*Sí. Hombre sí.*

***INCIDENCIA:** la señora que está entre el público continúa hablando de lo que dice solo se escucha claramente la palabra “sinvergüenzas”.*

### Presidencia

*Por favor abandonen el salón de Plenos.*

***INCIDENCIA:** el público abandona el salón de sesiones al tiempo que dicen fuera, fuera...*

### Presidencia

*La verdad, ya pueden estar contentos con el clima que están creando en esta ciudad.*

*¿Terminó ya señor Varela?*

### Señor Varela Gómez

Non. Estaba rematando, señor alcalde.

**Presidencia**

Perdón?

**Señor Varela Gómez**

Se me da un segundo remato xa.

**Presidencia**

Si. Remate xa, por favor.

**Señor Varela Gómez**

Pois efectivamente. Haberá que ver o que somos capaces de facer co conde de Fenosa ou co Ofimático, que están a punto de entrar os cooperativistas, ou con todas as obras que están facendo na cidade ou coa peonalización da Cidade Vella, ou todas as obras que están... que se están facendo no Estadio de Riazor. Bueno eu creo que a xestión da miña Área hai que facela en xeral e non por un erro.

Grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, Señor Varela.

Vamos a proceder á votación deste asunto terceiro da orde do día.

Modificación puntual do PXOM 2013, para a execución de sentenza.

**Votación asunto número tres**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número tres producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (10 votos).

No. Estaba terminando, señor alcalde.

**Presidencia**

¿Perdón?

**Señor Varela Gómez**

Si me da un segundo termino ya.

**Presidencia**

Sí. Termine ya, por favor.

**Señor Varela Gómez**

Pues efectivamente. Habrá que ver lo que somos capaces de hacer con el conde de Fenosa o con el Ofimático, que están a punto de entrar los cooperativistas, o con todas las obras que están haciendo en la ciudad o con la peatonalización de la Ciudad Vieja, o todas las obras que están... que se están haciendo en el Estadio de Riazor. Bueno yo creo que la gestión de mi Área hay que hacerla en general y no por un error.

Gracias.

**Presidencia**

Muchas gracias, Señor Varela.

Vamos a proceder a la votación de este asunto tercero de la orden del día.

Modificación puntual del PGOM 2013, para la ejecución de sentencia.

**Votación asunto número tres**

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número tres produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (10 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (10 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (6 votos).

### Intervencións

#### Presidencia

Pois queda aprobado, este asunto número tres.

### Acordo

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o documento denominado “Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Execución sentenza sobre o PXOM 2013. Treneo Inversiones, S.L. Outubro 2017”, redactado polo Servizo de Planeamento e Xestión do Solo.

Segundo.- Achegar copia do expediente completo debidamente dilixenciado á consellería competente en materia de ordenación do territorio, para a emisión do informe preceptivo e vinculante previsto no artigo 60, parágrafo 15, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (artigo 144.15 do Regulamento de desenvolvemento da Lei)”.

### Intervencións

#### Señor Secretario Xeral

#### **II – PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN:**

##### **131.- Toma de coñecemento de resolucións e decretos.**

1º.-Toma de coñecemento:

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (10 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (6 votos).*

### Intervenciones

#### Presidencia

*Pues queda aprobado, este asunto número tres.*

### Acuerdo

*Primero.- Aprobar provisionalmente el documento denominado “Modificación Puntual del Plan General de Ordenación Municipal. Ejecución sentencia sobre lo PGOM 2013. Treneo Inversiones, S. L. Octubre 2017”, redactado por el Servicio de Planeamiento y Gestión del Suelo.*

*Segundo.- Remitir copia del expediente completo debidamente diligenciado a la consellería competente en materia de ordenación del territorio, para la emisión del informe preceptivo y vinculante previsto en el artículo 60, párrafo 15, de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia (artículo 144.15 del Reglamento de desarrollo de la Ley)”.*

### Intervenciones

#### Señor Secretario General

#### **II – PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE LA GESTIÓN:**

##### **131.- Toma de conocimiento de resoluciones y decretos.**

*1º.-Toma de conocimiento:*

- Das resolucións da Xunta de Goberno Local, desde a número doce mil seiscientos un (12.601), de dezaseis de agosto de 2018, á número catorce mil catrocentos (14.400), de vinte e catro de setembro de 2018.

- E dos decretos da Alcaldía, desde o número tres mil novecentos un (3.901), de trece de agosto de 2018, á número cuatro mil cincocentos (4.500), de trece de setembro de 2018.

### **Presidencia**

Moi ben. Moitas grazas.

### **2º.- Mocións**

### **Presidencia**

Comezamos pola moción conjunta entre Marea Atlántica e Bloque Nacionalista Galego sobre a renda básica incondicional, universal individual e suficiente.

Aínda que antes, desculpen, temos que votar a urxencia de todas estas mocións.

Hai unha, como acabo de dicir, compartida entre Marea Atlántica e Bloque Nacionalista Galego; hai unha do Partido Socialista relativa ao cumprimento de acordos plenarios; hai tres do Partido Popular relativas ás demandas vecinais do Ventorrillo; a denuncia a Fiscalía no Xulgado por posible prevaricación e a moción tamén para o cumprimento dos acordos plenarios.

### **Votación da urxencia das mocións**

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación a urxencia das distintas mocións presentadas polos Grupos Políticos, producíndose o seguinte resultado:

- *De las resoluciones de la Xunta de Gobierno Local, desde a número doce mil seiscientos uno (12.601), de dieciséis de agosto de 2018, a la número catorce mil cuatrocientos (14.400), de veinticuatro de septiembre de 2018.*

- *Y de los decretos de la Alcaldía, desde el número tres mil novecentos uno (3.901), de trece de agosto de 2018, a la número cuatro mil quinientos (4.500), de trece de septiembre de 2018.*

### **Presidencia**

*Muy bien. Muchas gracias.*

### **2º.- Mociones**

### **Presidencia**

*Comenzamos por la moción conjunta entre Marea Atlántica y Bloque Nacionalista Gallego sobre la renta básica incondicional, universal individual y suficiente.*

*Aunque antes, disculpen, tenemos que votar la urgencia de todas estas mociones.*

*Hay una, como acabo de decir, compartida entre Marea Atlántica y Bloque Nacionalista Gallego; hay una del Partido Socialista relativa al cumplimiento de acuerdos plenarios; hay tres del Partido Popular relativas a las demandas vecinales del Ventorrillo; la denuncia a Fiscalía en el Juzgado por posible prevaricación y la moción también para el cumplimiento de los acuerdos plenarios.*

### **Votación de la urgencia de las mociones**

*Seguidamente por parte de la Presidencia se somete la votación a urgencia de las distintas mociones presentadas por los Grupos Políticos, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (10 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (10 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (6 votos).

### Intervencións

#### Presidencia

Moi ben.

Comezamos, como repito, coa primeira. Señora Cameán pode proceder á lectura da parte dispositiva da moción.

**Moción conjunta dos Grupos Municipais de Marea Atlántica e Bloque Nacionalista Galego/Asembleas Abertas (BNG/AA) sobre a renda básica incondicional, universal, individual e suficiente.**

### Intervencións

#### Señora Cameán Calvete

Moitas grazas, señor alcalde. Moi boa tarde a todas e a todos. Propone a adopción dos seguintes acordos a este Pleno.

En primeiro lugar apoiar expresamente a Resolución 2197 do 23 de xaneiro de 2018 da Asamblea Parlamentaria do Consello de Europa...

**Ás dezaoito horas e once minutos auséntase do salón de sesións o señor Varela Gómez.**

...En todos e cada un dos seus puntos e nas recomendacións finais.

*Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (10 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (10 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (6 votos).*

### Intervenciones

#### Presidencia

*Muy bien.*

*Comenzamos, como repito, con la primera. Señora Cameán puede proceder a la lectura de la parte dispositiva de la moción.*

**Moción conjunta de los Grupos Municipales de Marea Atlántica y Bloque Nacionalista Gallego/Asambleas Abiertas (BNG/ AA) sobre la renta básica incondicional, universal, individual y suficiente.**

### Intervenciones

#### Señora Cameán Calvete

*Muchas gracias, señor alcalde. Muy buenas tardes a todas y a todos. Se propone la adopción de los siguientes acuerdos la este Pleno.*

*En primer lugar apoyar expresamente la Resolución 2197 de 23 de enero de 2018 de la Asamblea Parlamentaria del Consejo de Europa...*

*A las dieciocho horas y once minutos se ausenta del salón de sesiones el señor Varela Gómez.*

*...En todos y cada uno de sus puntos y en las recomendaciones finales.*

En segundo lugar, instar ao Goberno do Estado a que apoie esta mesma resolución e a desenvolver todas as medidas que sexan necesarias para implantar unha renda básica, incondicional, universal, individual e suficiente no Estado español.

En terceiro lugar instar a Xunta de Galicia a promover un debate público sobre este tema e adoptar as medidas necesarias para avanzar no marco das súas competencias na implantación dunha renda básica, incondicional, universal, individual e suficiente.

En cuarto lugar, que o Concello da Coruña adopte as medidas necesarias para fomentar un debate público sobre a renda básica incondicional, universal.

E por último e en quinto lugar, remitir copia deste acordo a todos os Concellos de Galiza, ás Deputacións provinciais e os Grupos que as conforma, á Xunta e os Grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e o Goberno e os Grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados a efectos do seu coñecemento e máis do seu debate e apoio.

### **Presidencia**

Moi ben. Moitas grazas, señora Cameán. Pode proceder á defensa da moción.

### **Señora Cameán Calvete**

Ben. Moitísimas grazas. Moi boa tarde a todas e a todos.

Como dicía anteriormente, recibimos por parte do colectivo de renda básica desta cidade da Coruña, unha proposta dun debate moi interesante que é o que hoxe traemos aquí, o debate desta

*En segundo lugar, instar al Gobierno del Estado la que apoye esta misma resolución y a desarrollar todas las medidas que sean necesarias para implantar una renta básica, incondicional, universal, individual y suficiente en el Estado español.*

*En tercer lugar instar la Xunta de Galicia a promover un debate público sobre este tema y adoptar las medidas necesarias para avanzar en el marco de sus competencias en la implantación de una renta básica, incondicional, universal, individual y suficiente.*

*En cuarto lugar, que el Ayuntamiento de A Coruña adopte las medidas necesarias para fomentar un debate público sobre la renta básica incondicional, universal.*

*Y por último y en quinto lugar, remitir copia de este acuerdo a todos los Ayuntamientos de Galicia, a las Diputaciones provinciales y los Grupos que las conforma, a la Xunta y los Grupos parlamentarios del Parlamento de Galicia y el Goberno y los Grupos parlamentarios del Congreso de los Diputados a efectos de su conocimiento y más de su debate y apoyo.*

### **Presidencia**

*Muy bien. Muchas gracias, señora Cameán. Puede proceder a la defensa de la moción.*

### **Señora Cameán Calvete**

*Bien. Muchísimas gracias. Muy buenas tardes a todas y a todos.*

*Como decía anteriormente, recibimos por parte del colectivo de renta básica de esta ciudad de A Coruña, una propuesta de un debate muy interesante que es lo que hoy traemos aquí, el debate de esta*

implementación dunha renda básica universal.

É un debate que non é novo senón que xa leva moiísimo tempo na axenda política. Ten unha explosión tamén ao longo de Europa diversos proxectos piloto e aquí podemos nomear a algúns: Finlandia que ten actualmente varios en marcha, diversos concellos holandeses, tamén en Canadá e tamén noutras partes do mundo.

Está sendo tamén obxecto de estudo por parte dun organismo tan relevante como é a Oficina do Alto Comisionado para os Dereitos Humanos da ONU. E desde logo é preciso resaltar tamén o pronunciamento que se fixo polo Consello de Europa, na súa reunión plenaria que tivo lugar o 23 de xaneiro deste mesmo ano, que ademais foi un acordo que se adoptou por maioría absoluta.

Nesta Resolución o que se trasladaba era a reclamación da posta en marcha dunha renda básica incondicional, universal, individual e suficiente para toda Europa.

Dende logo queremos tamén resaltar que cando se fala de renda básica, estase falando dun dereito social, por suposto, pero dentro do actual marco que xa existe de benestar e nunca como un substitutivo deste, como estamos escoitando desde as ideoloxías máis neoliberais. Evidente que unha renda básica que pretenda ser suficiente para vivir con dignidade, que é o que pretendemos algunas, é absolutamente incompatible coa desaparición dos principais elementos que garantan ese estado do benestar, dos servizos básicos e estou falando dos servizos públicos como é sanidade e a educación pública, tamén do mantemento e fortalecemento dos servizos sociais, de atención tamén a

*implementación de una renta básica universal.*

*Es un debate que no es nuevo sino que ya lleva muchísimo tiempo en la agenda política. Tiene una explosión también a lo largo de Europa de diversos proyectos piloto y aquí podemos nombrar a alguno: Finlandia que tiene actualmente varios en marcha, diversos ayuntamientos holandeses, también en Canadá y también en otras partes del mundo.*

*Está siendo también objeto de estudio por parte de un organismo tan relevante como es la Oficina del Alto Comisionado para los Derechos Humanos de la ONU. Y desde luego es preciso resaltar también el pronunciamiento que se hizo por el Consejo de Europa, en su reunión plenaria que tuvo lugar el 23 de enero de este mismo año, que además fue un acuerdo que se adoptó por mayoría absoluta.*

*En esta Resolución lo que se trasladaba era la reclamación de la puesta en marcha de una renta básica incondicional, universal, individual y suficiente para toda Europa.*

*Desde luego queremos también resaltar que cuándo se habla de renta básica, se está hablando de un derecho social, por supuesto, pero dentro del actual marco que ya existe de bienestar y nunca como un sustitutivo de este, como estamos escuchando desde las ideologías más neoliberales. Evidente que una renta básica que pretenda ser suficiente para vivir con dignidad, que es lo que pretendemos algunas, es absolutamente incompatible con la desaparición de los principales elementos que garantizan ese estado del bienestar, de los servicios básicos y estoy hablando de los servicios públicos como es sanidad y la educación pública, también del mantenimiento y fortalecimiento de los servicios sociales,*

situacións de dependencia ou da loita contra a precariedade laboral.

Vimos que hai pouquiño saíron os datos do CIS, uns datos verdadeiramente alarmantes, uns datos que amosan algo que xa sabíamos e que é unha obviedade: que a desigualdade é absolutamente bestial. A pobreza está incrementando a unhas cifras absolutamente para estremecerse, e contra isto hai algo que facer.

Había un dato do CIS estes días que viña a sinalar que más do 50% da poboación do Estado español, más do 50%, vive con menos de 1.200 euros a o mes e falaba de que más de un 10% non ten absolutamente ningún tipo de ingresos. Podemos tamén, a modo de pinzeladas, facer a radiografía que temos en Galiza. Temos unha taxa de precariedade no emprego en Galiza que se atopa no 26% que afecta, dende logo, en maior medida ás mulleres. Temos unha taxa de pobreza en Galiza que chega a más do 18% e dende logo cremos que con estos datos son concluíntes de que medidas é preciso adoptar.

Aquí, xa vou rematando, na cidade amosamos que se enterre tan pouco as competencias necesarias neste ámbito. Tomamos medidas na loita contra a pobreza, e esta renda social municipal, que non é unha renda básica porque non cumple os requisitos, pero que está chegando xa a más de 200 familias e precisamente na liña desta medida: para cubrir as necesidades básicas para a vida e para vivir cunha maior dignidade.

Grazas.

**Presidencia**

*de atención también la situaciones de dependencia o de la lucha contra la precariedad laboral.*

*Vimos que hace poquito salieron los datos del CIS, unos datos verdaderamente alarmantes, unos datos que muestran algo que ya sabíamos y que es una obviedad: que la desigualdad es absolutamente bestial. La pobreza está incrementándose a unas cifras absolutamente para estremecerse, y contra esto hay algo que hacer.*

*Había un dato del CIS estos días que venía a señalar que más del 50% de la población del Estado español, más del 50%, vive con menos de 1.200 euros al mes y hablaba de que más de un 10% no tiene absolutamente ningún tipo de ingresos. Podemos también, a modo de pinzeladas, hacer la radiografía que tenemos en Galicia. Tenemos una tasa de precariedad en el empleo en Galicia que se encuentra en el 26% que afecta, desde luego, en mayor medida a las mujeres. Tenemos una tasa de pobreza en Galicia que llega a más del 18% y desde luego creemos que con estos datos son concluyentes de qué medidas es preciso adoptar.*

*Aquí, ya voy finalizando, en la ciudad mostramos que se entierre tan poco las competencias necesarias en este ámbito. Tomamos medidas en la lucha contra la pobreza, y esta renta social municipal, que no es una renta básica porque no cumple los requisitos, pero que está llegando ya a más de 200 familias y precisamente en la línea de esta medida: para cubrir las necesidades básicas para la vida y para vivir con una mayor dignidad.*

Gracias.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Cameán. Señora Longueira.

### **Señora Longueira Castro**

*Grazas.*

*Bo, a vida constrúese de... entre outras cousas, de realidades e de símbolos e con respecto aos símbolos, ben, darlle ao alcalde o noso respecto máis sinalado e desde logo a nosa desconformidade co que pasou neste Pleno, porque este Pleno é un símbolo para regular a vida de todos dunha maneira democrática e dunha maneira aceptable no diálogo do ser humano. Non é un lugar nin para performances nin para deshonrar a aqueles que tivemos a sorte de ser elixidos por todos os coruñeses para estar aquí. Sendo e sentindo moito o que pasou con este erro e que se este erro sucedeu que se emende e volvemos empezar. Isto non é máis que un símbolo e como tal, o mesmo respeto para este Pleno que para o que se terá co traballo dos veciños. Así que o noso máis sincero respeto á figura do alcalde.*

*E con respecto ás realidades, que é realmente o que nos ten que ocupar neste Pleno, dicir que evidentemente estamos de acordo con esta moción e coa promoción sobre todo que dela hai que facer para que a sociedade teña iso, unha realidade, unha realidade que nos faga más dignos e que nos faga ter tamén paz social, porque polos camiños que nos levou a vida moderna e polos camiños que nos levou a rapidez das economías é ben incerto o futuro, non só daqueles que hoxe en día están nunha situación de exclusión ou que hoxe en día están nunha situación próxima aos niveis de pobreza. É moi incerta a situación de moitos outros que aínda disponendo hoxe en día dun certo benestar poidan non alcanzar aquilo*

*Muchas gracias, señora Cameán. Señora Longueira.*

### **Señora Longueira Castro**

*Gracias.*

Bueno, la vida se construye de... entre otras cosas, de realidades y de símbolos y con respecto a los símbolos, bueno, darle al alcalde nuestro respeto más señalado y desde luego nuestra disconformidad con lo que ha pasado en este Pleno, porque este Pleno es un símbolo para regular la vida de todos de una manera democrática y de una manera aceptable en el diálogo del ser humano. No es un lugar ni para performances ni para deshonrar a aquellos que hemos tenido la suerte de ser elegidos por todos los coruñeses para estar aquí. Siendo y sintiendo mucho lo que ha pasado con este error y que si este error ha sucedido que se subsane y volvemos a empezar. Esto no es más que un símbolo y como tal, el mismo respeto para este Pleno que para el que se ha de tener con el trabajo de los vecinos. Así que nuestro más sincero respeto a la figura del alcalde.

Y con respecto a las realidades, que es realmente lo que nos tiene que ocupar en este Pleno, decir que evidentemente estamos de acuerdo con esta moción y con la promoción sobre todo que de ella hay que hacer para que la sociedad tenga eso, una realidad, una realidad que nos haga más dignos y que nos haga tener también paz social, porque por los derroteros que nos ha llevado la vida moderna y por los derroteros que nos ha llevado la rapidez de las economías es bien incierto el futuro, no solo de aquellos que hoy en día están en una situación de exclusión o que hoy en día están en una situación próxima a los niveles de pobreza. Es muy incierta la situación de muchos otros que aun disponiendo hoy en día de un cierto bienestar puedan no alcanzar aquello para

*para o que foron preparados ou poidan entrar nunha deriva difícil de constatar, co cal, o Partido Socialista ten entre os seus labores non só o promocionar dentro dos concellos o que aquí vimos hoxe a defender, senón tamén elevalo e estudalo para que un país que se prece de traballar pola paz social o faga non só noutros ámbitos senón tamén aqueles nesta renda que nos poida garantir unha habitabilidade digna a todos os ciudadáns deste país.*

*E por certo, alentar tamén desde aquí a que a renda social municipal que hoxe está nunha deriva non do todo favorable sexa tomada coas rendas firmes que deban efectuarse e que chegue á maioria da poboación desta cidade en risco de exclusión, cousa que hoxe en día non está a suceder.*

*Moitas grazas.*

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Longueira.

Polo Grupo Popular, señor Lorenzo.

### **Señor Lorenzo Torres**

*Grazas, señor alcalde. Moi boas tardes a todos.*

*Lin con atención esta moción e vouna a apoiar. Vouna apoiar porque creo que é moi importante abrir este debate e sobre todo moi necesario nesta cidade. Nesta cidade onde, agora, púxose de moda a política do erro. En todo o que se fai, detrás hai un erro e ademais reconécese como tal. O que pasa é que ese erro reconócen os que gobernan neste momento, non vai acompañado de responsabilidade política que é o que debería ser.*

*E creo que isto é unha emenda á*

lo que han sido preparados o puedan entrar en una deriva difícil de constatar, con lo cual, el Partido Socialista tiene entre sus cometidos no sólo el promocionar dentro de los ayuntamientos lo que aquí venimos hoy a defender, sino también elevarlo y estudiarlo para que un país que se precie de trabajar por la paz social lo haga no sólo en otros ámbitos sino también aquellos en esta renta que nos pueda garantizar una habitabilidad digna a todos los ciudadanos de este país.

Y por cierto, alentar también desde aquí a que la renta social municipal que hoy está en una deriva no del todo favorable sea tomada con las riendas firmes que deban efectuarse y que llegue a la mayoría de la población de esta ciudad en riesgo de exclusión, cosa que hoy en día no está sucediendo.

Muchas gracias.

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Longueira.*

*Por el Grupo Popular, señor Lorenzo.*

### **Señor Lorenzo Torres**

Gracias, señor alcalde. Muy buenas tardes a todos.

Leí con atención esta moción y la voy a apoyar. La voy a apoyar porque creo que es muy importante abrir este debate y sobre todo muy necesario en esta ciudad. En esta ciudad donde, ahora, se ha puesto de moda la política del *error*. En todo lo que se hace, detrás hay un *error* y además se reconoce como tal. Lo que pasa es que ese *error* que reconocen los que gobiernan en este momento, no va acompañado de responsabilidad política que debía ser.

Y creo que esto es una enmienda a la

*totalidade á renda social. Que nos está dicindo esta moción? Que por parte do Estado asuma todas as competencias para que faga unha renda para que todos os cidadáns do Estado español, co cal o Goberno Municipal perdería a competencia na renda social que impuxeron. Porque eles mesmos reconñecen, eles mesmos reconñecen que este programa foi un fracaso e é verdade que se deu a 200 familias, pero este programa cando se iniciou eu recordo que se falaba de 3.000.000 de euros. Falábase tamén de case 1.000 familias. Dicía antes una das persoas que intervña: as mentiras para gañar o Goberno. As maiores mentiras para gañar o Goberno tívoas a Marea no seu programa electoral e cando fixo oposición, cando non estaban no Goberno. E estas mentiras agora estanxe pagando. E hoxe temos o resultado dunha delas. Eu non sei por que se asustan por esta manifestación do pobo, que está encabuxado, e ten dereito a vir ao Concello a protestar por algo que lles molestou. Isto é normal nun Estado de derecho e é normal na política. É verdade que houbo certas afirmacións que lle digo, sinceramente, que non me gustaron. Eu non lle desexo longa vida como alcalde, pero si longa vida como persoa, tamén teño que dicirlo, pero hai que dicilo. Non ten por que molestarse porque vostedes están instalados na política do erro e a xente está encabuxada. E cando se vai o vaso enchendo, chega un día que o vaso desborda e hoxe é un claro exemplo destes. Porque hoxe aquí insultóusenos, chamóusenos hipócritas, carotas, carroñeiros...*

*Miren, vostedes cando falan de dereitos sociais, por exemplo, o da vivenda que xa falou algo o meu compañero Martín... Ou sexa, a política social deste Concello, a política de vivenda foi comprar unha oficina nun quinto piso*

